



**Museo do Pobo Galego**

## **PROGRAMACIÓN**

### **INFANTIL E PRIMARIA 2016-2017**

Achegámosvos as propostas didácticas do Museo para o curso 2016/17, nas que apostamos por unha aprendizaxe activa a partir de estratexias lúdicas, de descubrimento e de simulación.

Cremos que vós, as e os docentes, sodes quen mellor coñece ao alumnado e sabedes exactamente qué e cómo queredes traballar con el. É así que a oferta do departamento de educación e acción cultural para este curso académico incide en actividades que podades dirixir os profesores e as profesoras, sen a intervención presencial do persoal do departamento de educación. Denominámolas actividades autónomas e aparecen no programa baixo este epígrafe marcadas coa imaxe dun ollo. Para facer isto máis sinxelo todos os materiais necesarios estarán dispoñibles para a súa descarga na páxina web do Museo. E sempre nos tedes a vosa disposición no TI. ou no correo electrónico.

En calquera dos casos teredes que ter en conta que o aforo do edificio é limitado, e que a seguridade e a comodidade na circulación das persoas, aconsella que concertedes calquera modalidade de visita cunha antelación mínima de 15 días. O Museo non pode garantir a entrada no momento elixido, se non hai reserva previa.

**Prezo da entrada:** de balde para menores de 18 anos e para o profesorado acompañante que marca a lei e que deberá permanecer co grupo durante toda a actividade.

**Custe das actividades:** de balde para visita libre ou actividades dirixidas polo persoal docente 0,70 ct. por alumno ou alumna se contan coa intervención presencial dun educador ou educadora do departamento de educación.

**Horario de apertura do Museo:** de martes a sábado, de 10.30 a 14h e de 16 a 19.30h. Domingos e festivos de 11 a 14h.


**Horario das actividades co DEAC:** As actividades que impliquen a presenza das educadoras e educadores do Museo realizaranse de martes a venres de 11 a 14h.

**Horario para información e solicitudes:** de luns a venres de 10 a 14h no Museo e no TI. 981583620

Tamén podedes escribir a [deac@museodopobo.gal](mailto:deac@museodopobo.gal)

Moitas grazas pola vosa atención.

**Educación e Acción Cultural**  
**MUSEO DO POBO GALEGO**  
**(0034)981583620**  
[deac@museodopobo.gal](mailto:deac@museodopobo.gal)  
[www.museodopobo.gal](http://www.museodopobo.gal)

 Museo do Pobo Galego

 @MuseodoPobo

## ACTIVIDADES AUTÓNOMAS

Son aquelas que dirixides o persoal docente dentro do propio Museo usando materiais suministrados polo departamento a través da páxina web ou do correo electrónico.

### INFANTIL



**Coscobellos ao Cesto.** Un xogo que quere achegar aos e ás máis pequenas ao mundo simbólico galego. Para isto escollemos ao “coscobello”, un personaxe moi escorregadizo, tanto que para atrapalo precisaremos de moito tino e uns cantos trucos que aprenderedes polo Museo.

- **Recomendado para nenos e nenas a partir dos 4 anos.**
- **Aconsellámosvos que o número de participantes por sesión non supere os 20.**

### 1º e 2º PRIMARIA



**A historia de Rosa.** Un conto narrado cunha dinámica de xogo de pistas que nos levará a coñecer algo máis sobre Rosa, unha embarcación tradicional galega.

- **Recomendámosvos que o número de participantes por sesión non supere os 25**
- **Temporalización estimada: 50 minutos.**

### 3º,4º,5º E 6º PRIMARIA



**123, Museo en test.** Xogo tipo test que consiste en resolver en grupos un cuestionario percorrendo e observando o Museo para poder dar resposta ás preguntas que se formulan.

- **Número máximo recomendado de participantes por grupo: 30**
- **Poderá haber dous grupos á vez, repartindo as distintas versións do test e gardando as normas lóxicas de uso dun espazo como é un museo. Dispóñense tres ordes diferentes das cuestións do test para que o alumnado non vaia todo a un tempo aos mesmos sitios. Tamén hai dúas versións, para 3º e 4º e para 5º e 6º.**
- **Temporalización estimada: 60 minutos**

## 6º PRIMARIA




**Remuíño de pistas.** Percorrido lúdico pola colección do Museo onde o alumnado poderá descubrila cunha dinámica de xogo de pistas.

- **Recomendámosvos que o número de participantes por sesión non supere os 25.**
- **Temporalización: 50 minutos**



**Con vento mareiro.** Actividade ao redor da cultura mariñeira centrada nas embarcacións e a explotación tradicional dos recursos mariños.

- **Recomendámosvos que o número de participantes por sesión non supere os 25.**
- **Temporalización: 50 minutos**



## ACTIVIDADES DIRIXIDAS POLO DEAC

Son as actividades nas que un ou unha educadora do DEACdirixe presencialmente a actividade, durante o desenvolvemento da mesma no Museo.

### INFANTIL

**Xogos Bailados.** A través dun xogo de roda que leva asociado coreografías e cantigas, os cativos e cativas poden facer o seu primeiro achegamento ao Museo do Pobo Galego.

- **Recomendado para nenos e nenas a partir dos 4 anos.**
- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Máximo de participantes por sesión: 15**
- **Temporalización: 50 minutos**
- **Custe: 0,70ct.por alumno/a**

## **1º E 2º PRIMARIA**

**Canta Adiviña.** Unha actividade de descubrimento a través de adiviñas, sons e cancións onde o alumnado se envolverá nos instrumentos tradicionais.

- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Máximo de participantes por sesión: 25**
- **Temporalización: 50 minutos**
- **Custe: 0,70ct. por alumno/a**

## **3º, 4º, 5º E 6º PRIMARIA**

### ***Ferramentas... en mimo!***

Coa entrega descontextualizada dunha ferramenta de traballo e algúns elementos relacionados, os rapaces e as rapazas deberán deducir que oficio teñen entre mans e, a través do mimo, transmitirlo ao resto dos e das compañeiras. Trabállanse temas como tradición ou artesanía, á vez que a comprensión, o aspecto lúdico e creativo da comunicación e a expresión corporal.

- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Nº de participantes por sesión: máximo 25**
- **Temporalización: 75 minutos**
- **Custe: 0,70 ct. por alumno/a**

